




A idade da ira

López, Nando

BULULU

Materia: NOVELA

Colección: A MIRADA DO FUNAMBULO

Encuadernación: RUSTICA

PVP: 19.50 €

EAN: 9788410049147

Páginas: 356

Tamaño: 150x210 mm.



Unha novela sobre o mundo adolescente, descarnada e sen tópicos

- «Cada novela de Nando López supón un agasallo para tantos e tantos adolescentes que precisan simplemente diso: referentes», El Heraldo de Aragón
- «Unha inmersión despoxada de tópicos no mundo da adolescencia», eldiario.es

Sinopsis

Marcos non é o alumno que saca as mellores notas, pero é o máis popular do seu instituto, o líder entre os seus compañeiros e o obxecto de desexo das súas compañeiras. Un domingo calquera, sen motivo aparente, asasina ao seu pai e deixa ferido de gravidade a un dos seus irmáns. Que levou a este adolescente a cometer un acto tan violento? Que se agocha tras ese estoupido de ira? Un pai demasiado severo? Docentes sen motivación? Fracaso escolar? Unha sociedade demasiado esixente? A electrizante investigación deste caso leva a un periodista a descubrirmos un mundo adolescente descarnado e sen tópicos. Unha historia coral, con múltiples voces e testemuños, que non por acontecer nun lugar tan coñecido para todo o mundo, un centro escolar, deixa de sorprendernos e abraiarnos.

Colección a mirada do funámbulo:

A narrativa, sen importar a cor nin o ritmo da historia a contar, debe percorrer o camiño da súa trama co paso firme da liberdade de pensamento, coa independencia que dá emprender unha viaxe sen ataduras. Só quen é capaz de contemplar a vida dende a frouxa seguranza dunha corda, de resistir os seus envites nas frenéticas idas e vidas dun bambán, remata por captar a verdadeira esencia da literatura. Os grandes funámbulos, coma os bos escritores, executan a súa actuación con esmero, sen vertixe, facendo partícipe ao público da súa creatividade, dos riscos que asumen ao dar renda solta á súa imaxinación. É xusto esa mirada a que queremos recoller, e compartir contigo, nesta colección que agora tes entre as mans

Nando López

Nando López é novelista, dramaturgo e doutor en Filoloxía Hispánica. En 2010 foi finalista do Premio Nadal con *La edad de la ira*, un long-seller convertido en serie televisiva de éxito internacional co que iniciou unha sólida traxectoria narrativa na que figuran *Los elegidos*, *Presente imperfecto*, *Cuando todo era fácil*, *El sonido de los cuerpos* o *Hasta nunca*, *Peter Pan*. Galardoadado co Premio Arcoíris 2023 polo Ministerio de Igualdade, o Premio Triángulo Cultura 2022 e o Premio Gran Angular 2020 por *La versión de Eric*, é tamén un recoñecido autor de libros xuvenís como *Las durmientes*, *Cuál es la lucha*, *Algo más que sexo* o *El río de las primeras veces*, entre outros. Como dramaturgo foi finalista en tres ocasións nos Premios Max e as súas obras teatrais estreáronse en numerosos países. Ademais, abordou a creación audiovisual como guionista e produtor executivo en *Red Flags*, serie baseada nun